

# LINGUA E LITERATURA GALEGA 1ºESO

## OBXECTIVOS

1. Comprender, interpretar e resumir o sentido global das mensaxes orais en distintos ámbitos e con diferentes intencións comunicativas.
2. escoitar e comprender o sentido global de informacións procedentes da comunicación audiovisual, desenvolvendo un pensamento crítico.
3. escoitar con interese e respecto as intervencións orais, respectando as normas de cortesía.
4. Coñecer e aplicar, con axuda das TIC, as estratexias necesarias para producir textos orais sobre temas de actualidade.
5. Valorar as producións orais cunha fonética galega correcta e mostrar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.
6. Intervir de maneira activa en situacións orais propias do ámbito académico.
7. Coñecer e aplicar estratexias para falar en público, en situacións formais ou informais.
8. Producir discursos breves e comprensibles, adecuados á situación e á intención comunicativa, coherentes e ben organizados, sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e académica.
9. Ler de maneira comprensiva e interpretar textos escritos en distintos ámbitos e con diferentes intencións comunicativas.
10. Usar os recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter información, consultar modelos de composición escrita e solucionar dúbidas de traballo.
11. Mostrar unha actitude crítica cara ás mensaxes que manifesten prexuízos lingüísticos.
12. Ler en voz alta coa dicción adecuada e respectando os patróns fonéticos do galego.
13. Producir, en formato papel ou dixital, textos propios da vida cotiá, das relacións sociais ou do ámbito académico, con adecuación, coherencia, cohesión e corrección.
14. Usar as TIC, con progresiva autonomía, para redactar e presentar os seus escritos.
15. Coñecer e utilizar un léxico amplo e preciso.
16. Coñecer e utilizar adecuadamente a fonética do galego.
17. Utilizar os dicionarios e outras fontes de consulta en diferentes soportes para resolver dúbidas e progresar na aprendizaxe autónoma.
18. Aplicar correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas do galego.
19. Coñecer e utilizar as categorías gramaticais básicas para mellorar a creación e a comprensión de textos.
20. Identificar e explicar as funcións oracionais e as unidades que as desempeñan.
21. Coñecer e utilizar os conectores textuais e as regras de concordancia para dar cohesión aos textos.

22. Diferenciar as distintas clases de oracións segundo a intención do emisor.
23. Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.
24. Desenvolver unha competencia comunicativa integrada a partir do coñecemento das linguas.
25. Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo.
26. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia, a partir do seu contorno familiar e o do resto do alumnado, valorando a importancia de contribuír ao proceso de normalización da lingua.
27. Coñecer a situación sociolingüística e legal das linguas de España.
28. Recoñecer e valorar as variantes xeográficas do galego, rexeitando prexuízos lingüísticos.
29. Diferenciar os textos non literarios dos literarios, e nestes últimos, identificar os tres grandes xéneros.
30. Ler de maneira comprensiva, expresiva ou dramatizada textos de distintos xéneros, relacionándoos coa súa experiencia propia e expoñendo a súa opinión.
31. Escribir textos sinxelos con intención estética, utilizando os coñecementos literarios adquiridos.
32. Describir os trazos que caracterizan o cómic e a canción como linguaxes artísticas.
33. Coñecer e aplicar as estratexias de autoavaliación, recoñecendo os erros nas súas producións.

## **CONTIDOS**

### **Bloque 1. Comunicación oral: escoitar e falar**

#### **Escoitar**

- Comprensión, interpretación e resumo de calquera texto oral ou daqueles propios dos medios de comunicación, especialmente noticias de actualidade, próximas aos intereses do alumnado.
- Comprensión e interpretación de textos orais utilizados no ámbito social e académico (instrucións, presentacións de tarefas e breves exposicións orais de temáticas variadas).
- Desenvolvemento de habilidades de escoita activa con actitude de interese, de cooperación e de respecto.
- Escoita crítica e reflexiva das mensaxes dos medios de comunicación, con especial atención aos programas informativos.

#### **Falar**

- Coñecemento e aplicación, con axuda das TIC, de estratexias necesarias para producir textos orais sobre temas de actualidade.
- Valoración das producións orais emitidas cunha fonética e prosodia correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.

- Producción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.
- Participación activa en situacións propias do ámbito académico (pedimento de aclaracións, intercambio de opinións e exposición de conclusións).
- Coñecemento e aplicación de estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso, prácticas orais formais e informais.
- Construción de discursos adecuados, cohesionados e coherentes desde o punto de vista comunicativo, sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e académica.

## **Bloque 2. Comunicación escrita: ler e escribir**

### **Ler**

- Aplicación de técnicas de análise do contido e estratexias de lectura comprensiva.
- Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado: mensaxes electrónicas ou de móbil, normas e instrucións de uso.
- Comprensión, interpretación e síntese de textos dos medios de comunicación, fundamentalmente textos narrativos.
- Comprensión e interpretación de textos do ámbito académico, especialmente, descritivos, narrativos e expositivos sobre as distintas materias curriculares: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias en diversos soportes.
- Utilización guiada da biblioteca e das TIC para obter información e consultar modelos de composición escrita.
- Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes que transmitan prexuízos ou usos lingüísticos discriminatorios, especialmente, os que aparecen nos medios de comunicación.
- Lectura en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa, aos patróns fonéticos do galego e aos signos de puntuación.

### **Escribir**

- Planificación e revisión do escrito, de forma guiada, para producir textos adecuados, coherentes, cohesionados e correctos gramaticalmente.
- Producción, en formato papel ou dixital, de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil.
- Producción, a partir dun modelo, de textos propios dos medios de comunicación, fundamentalmente noticias, en formato papel ou dixital.
- Producción, en soporte papel ou dixital, de textos propios da vida académica, especialmente, resumos, exposicións sinxelas e conclusións sobre as tarefas e aprendizaxes realizadas.
- Producción, en soporte papel ou dixital, de textos de distintos xéneros: descrições, narracións de feitos e exposicións de ideas e conceptos.
- Uso, con progresiva autonomía, das TIC (procesadores de textos e correctores ortográficos) na planificación, revisión e presentación dos escritos.

- Autoavaliación da aprendizaxe da lingua cunha actitude activa e de confianza.

### **Bloque 3. Funcionamento da lingua**

- Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula.
- A fonética e a fonoloxía do galego, con especial atención a posibles interferencias.
- Uso eficaz dos dicionarios e doutras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, especialmente sobre clases de palabras e normativa.
- Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.
- Análise e uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión textual.
- Recoñecemento, uso e explicación das categorías gramaticais básicas (substantivo, adxectivo cualificativo, verbo, adverbio...), así como a diferenza entre palabras flexivas e non flexivas para a creación e comprensión de textos.
- Recoñecemento, uso e reflexión dos mecanismos da cohesión textual como a deíxe persoal.
- Recoñecemento, uso e explicación dos conectores textuais máis comúns, en particular os temporais e explicativos.
- Coñecemento das regras de concordancia e das funcións sintácticas principais no seo da oración para elaborar enunciados cun estilo cohesionado e correcto.
- Recoñecemento das modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas, dubitativas e imperativas en relación coa intención comunicativa do emisor.
- Coñecemento, uso e aplicación das estratexias necesarias de autoavaliación, aceptando o erro como parte do proceso.
- Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro, relacionados cos Elementos Transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.
- Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.

### **Bloque 4. Lingua e sociedade**

- Valoración das linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo.
- O plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.
- A lusofonía.
- Análise da situación sociolingüística, a partir do contexto familiar do alumnado.
- Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego, favorecendo o xurdimento de vínculos positivos cara ao seu uso e consciencia da necesidade e das potencialidades de

- enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega.
- Situación sociolingüística e legal das linguas de España.
- Os prexuízos lingüísticos.
- Recoñecemento e valoración dos principais fenómenos que caracterizan as variedades diatópicas do galego.

### **Bloque 5. Educación literaria**

- Lectura, con regularidade e de maneira guiada, de obras literarias para desenvolver o criterio lector; exposición da opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relación do seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos e asimilación dos trazos estéticos xerais que definen cada texto.
- Comparación de textos literarios e non literarios e diferenciación de textos dos tres grandes xéneros a partir dos seus trazos característicos máis xerais.
- Lectura expresiva e comprensiva, audicións de poemas recitados ou cantados, determinación da temática ou temáticas abordadas e descrición dos valores estilísticos dos textos.
- Lectura expresiva e comprensiva de textos narrativos breves e recoñecemento da funcionalidade dos elementos formais básicos.
- Lectura dramatizada e comprensiva, visionado de pezas teatrais e apreciación dos seus compoñentes e procedementos máis relevantes.
- Producción de textos sinxelos de intención estética, servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.
- Descrición e caracterización dos trazos definatorios básicos do cómic e a canción como linguaxes artísticas.
- Familiarización, seguindo unhas pautas orientadoras, co emprego dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a procura de información básica e a resolución de dúbidas de traballo.

### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- Extraer a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais sinxelos dos ámbitos social e académico, seguindo instrucións para realizar tarefas guiadas de aprendizaxe.
- Extraer a intención comunicativa e a idea xeral de textos escritos sinxelos dos ámbitos social e académico, seguindo instrucións para realizar tarefas guiadas de aprendizaxe.
- Realizar exposicións e narracións orais planificadas claras e áxiles e participar de forma construtiva en diversas interaccións comunicativas (simulacións, traballos colaborativos...) respectando as regras que as rexen. Adoptar o rexistro adecuado a cada tipo de texto e situación.
- Elaborar narracións e descricións seguindo un modelo así como outros textos sinxelos propios da vida cotiá, das relacións sociais e dos medios de comunicación. Planificar e revisar ditos textos coa axuda do profesorado aplicándolles normas básicas de adecuación, de coherencia,

- de cohesión, de corrección e de precisión léxica.
- Consultar información en diferentes soportes, co fin de extraer a información solicitada e incorporala ás propias producións.
  - Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión e para compoñer e revisar de xeito dirixido os propios textos.
  - Recoñecer, a través da reflexión sobre os usos discursivos, os mecanismos da lingua e coñecer e usar unha terminoloxía lingüística básica.
  - Observar os condicionamentos máis evidentes da valoración e uso social do galego e utilizar a lingua galega con fluidez e normalidade nos máis diversos contextos comunicativos.
  - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo actual, con especial atención ao contorno peninsular; coñecer e respectar os dereitos lingüísticos.
  - Ler con regularidade obras literarias e desenvolver criterio lector; expor unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relacionando o seu sentido coa propia experiencia e recoñecendo os trazos xerais do xénero.
  - Utilizar os coñecementos literarios na comprensión de textos breves ou fragmentos, atendendo especialmente aos trazos xenéricos e á funcionalidade dos recursos retóricos.
  - Participar de maneira activa na creación de textos de intención estética.

## **ESTÁNDARES MÍNIMOS EXIXIBLES**

### *Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar*

- Exposición oral, lóxica e ordenada de resumos de textos orais.
- Participa activamente nas actividades orais da aula.
- Comprende textos instrutivos sinxelos.
- Respecta as intervencións dos compañeiros.
- Vocaliza e emprega correctamente o volume e o ton de voz.
- Respecta as diferenzas lingüísticas entre as persoas.
- Sabe buscar información na internet.
- Le vocalizando e usando a fonética, a prosodia, o volume e o ton de forma correcta e coidada.
- Participa oralmente cun léxico variado e apropiado á temática que se trata.
- Participa nas simulacións e debates respectando as quendas de intervención e a opinión dos compañeiros.

### *Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir*

- Extrae a idea principal dun texto.
- Utiliza o dicionario para buscar información (en papel e en liña).
- Redacta unha mensaxe de correo electrónica.
- Distingue as partes dunha noticia.
- Sintetiza un texto xornalístico de tipoloxía narrativa ou expositiva.

- Manéxase na aula TIC e na biblioteca para buscar información.
- Rexeita os prexuízos lingüísticos e discriminatorios nos textos escritos.
- Le coa dicción, entoación e ritmo adecuados ao seu nivel.
- Redacta textos con corrección lingüística e presentación coidada.
- Distingue un texto narrativo, dun descritivo e dun expositivo.
- Coñece e utiliza nos traballos o procesador de textos.
- Corrixe textos propios e alleos e mostra interese e motivación.

### Bloque 3. *Funcionamento da lingua*

- Coñece o significado da meirande parte das palabras aprendidas en cada unidade e utilízalas correctamente.
- Coñece a existencia de sete fonemas vocálicos.
- Coñece e aplica as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua.
- Utiliza adecuadamente os signos de puntuación nos textos propios.
- Distingue as categorías gramaticais (substantivo, adxectivo, determinante, verbo, adverbio e pronome)
- Une as oracións dos seus textos con conectores variados.
- Constrúe enunciados seguindo as normas da concordancia e da cohesión textual.
- Valora de forma obxectiva o seu traballo e reflexiona sobre el.

### Bloque 4. *Lingua e sociedade*

- Valora a lingua como sinal de identidade cultural.
- Detecta e analiza prexuízos cara ao idioma.
- Aprecia e valora as diferenzas diatópicas da lingua.
- 

### Bloque 5. *Educación literaria*

- Distingue un texto literario dun non literario.
- Distingue textos dos tres grandes xéneros literarios.
- Le comprensivamente textos narrativos.
- Elabora un esquema coas características dos textos narrativos.
- Escribe textos sinxelos de intención estética, servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.
- Describe e caracteriza os trazos definitorios básicos do cómic como linguaxe artística.

## **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

A cualificación dos alumnos pretende reflectir unha valoración do grao de consecución dos obxectivos estipulados por lei que se concretan nos contidos e estándares de aprendizaxe, e máis no grao de adquisición das competencias clave.

- Polas probas escritas e/ou orais realizadas ao longo do trimestre poderán obter un máximo de 7 puntos (70%). É imprescindible acadar 3.5 puntos sobre dez en cada proba para sumar os demais e poder aprobar a avaliación (fácese media entre elas). Os contidos ortográficos, léxicos e gramaticais teñen carácter de continuidade, polo que será materia de avaliación constante ao longo do curso.

Queremos facer constar que a asistencia ás probas escritas e orais é obrigatoria. O alumno que non asista entregará ao titor un xustificante de asistencia ao médico na menor brevidade posible. A xustificación será aceptada se se trata dunha cita hospitalaria ou dunha enfermidade leve. No caso de revisións non necesarias en horario escolar, ou de entrega dun simple xustificante do pai/nai ou titor legal, o profesor decidirá se realizarlle outro día a proba ou non, acolléndose a que só é obrigatoria unha proba por avaliación.

- A avaliación da oralidade realizarase mediante a observación por parte do profesorado e/ou mediante unha proba oral. Esta parte constituirá un 10% da nota de cada trimestre, polo que, a aqueles alumnos que non usen o galego ou non se desenvolvan correctamente na lingua galega, poderáselles baixar a nota global de avaliación: 1 punto.

- As lecturas de cada trimestre e as actividades relacionadas con elas achegaranlle á nota un máximo de 1 punto.

- O 10% restante para acadar o 10 será polo traballo na aula e na casa e pola participación axeitada e oportuna no desenvolvemento das clases.

Puntualizacións importantes:

- Cada negativo que reciba o alumno baixará 0,25 na nota da avaliación ata un máximo de 1 punto. Para recuperar o negativo serán necesarios dous positivos. O profesorado daralle a oportunidade de conseguir positivos para que poidan restar os negativos.

- Copiar traballos ou exames implica unha nota de 0 nese traballo ou exame.

- Na corrección de exames, redaccións e traballos puntuables, por cada erro de ortografía e expresión baixárase 0,05 por faltas leves e 0,10 por faltas graves. Poderase baixar ata un máximo de 1 punto.

- Os traballos ou exames ilexibles deberán ser modificados. Para poder corrixir isto o profesorado reforzará a caligrafía do alumno durante o curso; se ao final non hai unha evolución positiva este poderá suspender a materia.

- A realización de lecturas optativas poderá subir a nota do trimestre ata 1 punto (0,5 por cada obra lida) a aqueles alumnos-as que teñan un mínimo de 5 na avaliación. Para demostrar a lectura destas obras, pactadas previamente cos profesores, farase unha proba oral e, se fose necesario, un traballo escrito a maiores.

- NOTA: O/A profesor/a do curso e grupo correspondente poderá modificar e adaptar estes criterios segundo sexan as características do grupo e /ou dalgún alumno en particular. Comunicarallo ao grupo con suficiente antelación.

**IMPORTANTE:** Os-as alumnos-as que teñan algún trimestre anterior suspenso poderán recuperalo mediante unha proba que só se realizará unha vez; será



nunha data consensuada por todos (no caso de imposibilidade de acordo, decidirá a profesora) . De non superala deberá examinarse de toda a materia en setembro, igual có alumnado que teña dúas ou máis avaliacións suspensas.

**PARA OS CATRO CURSOS DA ESO:** insistimos en que a cualificación de 5 é o aprobado. Tamén que o “redondeo” nunha cualificación que corresponda co aprobado decidiráa o-a profesor-a cando os decimais da cualificación sexan iguais ou superiores a 0,7.

## PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A lei sinala que “a avaliación terá que ser coherente coa diversidade de contidos traballados e, daquela, ter en conta os contidos abordados nos cinco bloques en que se estrutura este currículo. Do mesmo xeito, deberá ser unha avaliación competencial, que teña en conta a relación que se establece no currículo entre os estándares de aprendizaxe detallados en cada bloque, coas competencias clave”. A avaliación da nosa materia terá en conta esta e todas as demais directrices desta orde, polo que adoptaremos como puntos de partida básicos para a avaliación os seguintes:

- A avaliación será **continua** e **formativa**. Continua non quere dicir en ningún caso que terá en conta só os resultados finais, senón que, tendo en conta a situación de partida de cadaquén, valoraranse continuamente todos os aspectos do proceso de ensino-aprendizaxe. Cando o progreso dun alumno non sexa o adecuado estableceranse medidas dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

-A avaliación será **integradora**, terase en conta desde todas as materias para a consecución das competencias clave. A avaliación integradora, entendida xa dende a nosa materia, será a suma resultante de contidos, atención e traballo na casa e na aula. Concederáselle un interese especial á avaliación das actitudes en canto ás disposicións psicosociais dos escolares sobre o idioma (actitudes afectivo-positivas ou afectivo-negativas, prexuizos...); para esta cuestión debemos partir da realidade sociolingüística do noso contorno escolar.

- Favoreceremos os procesos de auto e coavaliación.

- Partiremos da realización dunha **avaliación inicial** antes de principiar cada unidade do libro do alumno: o profesor expoñerá ao alumnado que contidos e que estándares avaliábelos se van desenvolver e os alumnos relatarán os que xa saben. A partir da información recollida, o profesor seleccionará aqueles contidos e estándares máis axeitados ás realidades dos escolares e planificará as actividades que lles permitan progresar desde a situación de partida.

Os usos dos distintos **instrumentos de avaliación** estarán moi ligados aos estándares de aprendizaxe que esteamos avaliando; deste xeito, para a avaliación de cada alumno utilizaremos os seguintes instrumentos:

- Ao longo de cada trimestre, realizaranse unha ou dúas probas escritas que incluírán contidos de lingua e literatura, combinados na mesma proba ou por separado. Obrigatoria será unha, pero poden realizarse máis de dúas se o profesor-a considera que é necesario pola cantidade de contidos para examinar.
- Para valorar a competencia oral, utilizarase a observación na aula de intervencións orais; ademais poderase encomendar a realización de pequenas exposicións orais sobre distintos temas relacionados coa materia.
- Cada trimestre avaliaranse as lecturas encomendadas mediante unha ficha de lectura, un exame ou traballo que os alumnos deberán entregar nunha data concreta.
- Periodicamente recolleráselle ao alumnado textos escritos de creación propia e de distinto tipo: narracións, poemas, exposicións, argumentacións, pequenas pezas teatrais....Estes textos deberán ser entregados nos prazos fixados, podendo chegar a acadar unha cualificación negativa de non seren respectados os prazos. Seranlles devoltos coa cualificación que se lle outorga e coas observacións para que as revisen se fose necesario.
- Finalmente, teremos en conta aspectos como o traballo na casa e na aula e o traballo en grupo. O profesor-a botará man da observación sistemática e do rexistro continuo de datos no seu caderno.